



Plan de acción Tutorial



ÍNDICE

1	Presentación
2	Obxectivos
3	A función titorial
4	Liñas de actuación
5	Organización
6	Especificidade nas diferentes etapas
7	Principais actividades
8	Principais instrumentos
9	Avaliación

1 | Presentación

O Plan de Acción Titorial atópase enmarcado no Proxecto Educativo do noso centro, gardando relación coa PXAD e Plan de Convivencia. Por este motivo responde aos mesmos principios que constitúen a cultura do centro. Referímonos aos principios no núcleo da nosa actividade docente:

Equidade. Todas aquelas estratexias que despregamos no instituto para que o punto de partida do noso alumnado non sexa un obstáculo para que desenvolva as súas potencialidades. Isto supón despregar accións sistemáticas e coordinadas centradas no alumnado diverso e heteroxéneo e valorar esa diversidade coma unha fortaleza do centro.

Participación. O papel activo da nosa comunidade educativa e de forma máis específica do alumnado é un principio que garantiza o éxito académico, o vínculo e a pertencencia ao noso centro.

Traballo colaborativo. O traballo colaborativo en equipos docentes, equipos de persoas titoras, entre o propio alumnado e con axentes da contorna é clave para poder realizar unha boa acción titorial.

O Plan de Acción Titorial recolle por tanto, todas as actuacións que realizamos para acompañar á comunidade educativa no seu proceso de aprendizaxe e de desenvolvemento das competencias que adquiren ao longo da súa escolarización no centro.

Tamén recolle o papel dos diferentes axentes destinados a implementalas e os mecanismos para avaliar a súa eficacia.

2

Objetivos

A meta ou finalidade última da acción titorial é conseguir un desenvolvemento integral do alumnado que lle permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e profesional que irá atopando ao longo da súa vida. É dicir, ensinalle a ser persoa, a pensar, a convivir, a respectar as individualidades e peculiaridades de cada persoa, a comportarse consigo mesmo e cos demais e a decidir en calquera situación da súa vida.

Este documento comparte obxectivos co Plan de Convivencia e que coinciden coa competencia persoal, social e de aprender a aprender:

1 Promover a autoconciencia do alumnado. Acompañalos na mellora da súa conciencia emocional, no descubrimento de necesidades, emocións, pensamentos, sesgos, intereses, e na afirmación da súa identidade con conciencia dos seus talentos

2 Promover a autoxestión. Acompañar ao alumnado na xestión emocional, regulación da conduta e no desenvolvemento dun hábito de traballo, constancia e incluso a resistencia á frustración e na capacidade de afrontar retos.

3 Desenvolver a conciencia social. O espazo grupal de titoría permite construír a conciencia social, favorecendo o encontro, a empatía, respectando e valorando as diferentes perspectivas e a diversidade que aporta cada membro da aula.

4 Promover habilidades de relación. Aprender a facer amizades, manter e establecer relacións saudables cos iguais e adultos, aprender a comunicarse eficazmente, crear comunidade, a solicitar axuda, a resolver conflitos cando existan e a traballar en equipo.

5 Ensinar a tomar decisións responsables. Aprender a decidir con autoconciencia emocional (sendo conscientes das nosas necesidades, emocións e sesgos), con conciencia social (tendo en conta as emocións e necesidades doutras persoas) e con capacidade para analizar información, feitos e datos veraces favorecendo a autonomía e a responsabilidade persoal.

3

A función titorial

A función titorial é unha peza clave da actividade docente e correspóndelle a toda a comunidade educativa o acompañamento e o desenvolvemento das competencias socioemocionais do alumnado. Establecemos diferentes niveis de intervención na función titorial:

Departamentos didácticos e familias profesionais. Os departamentos didácticos establecen as programacións para os diferentes niveis educativos que se imparten no centro e deben incorporar esta dimensión da acción titorial en ditas programacións. Dende cada unha das materias ou módulos que compoñen o currículo de cada nivel o profesorado pode desenvolver cada unha das cinco competencias sociais e emocionais que son o obxectivo pedagóxico deste plan.

Equipos docentes. A coordinación horizontal nos equipos docentes son un segundo nivel de implementación da acción titorial. A raíz da análise da situación do grupo tómanse decisións respecto ao funcionamento das clases, medidas de convivencia ou como acompañar ao alumnado en cada grupo-clase.

Equipo de persoas titoras. As reunións semanais deste equipo son un espazo de coordinación, análise, reflexión e posta en marcha dunha parte importante das medidas de acción titorial que se realizan en cada unha dos niveis educativos, e as clases na hora semanal de titoría grupal e en horas de titoría do alumnado e de familias. No caso de BAC e CFGM as persoas titoras non dispoñen dunha hora de titoría co grupo.

Departamento de orientación. Colabora co equipo directivo no deseño, implementación e avaliación deste PAT, mediante o acompañamento aos equipos docentes e de persoas titoras e o seguimento grupal e individual do alumnado e das súas familias.

4 | Liñas de actuación

As liñas de actuación prioritarias do PAT están deseñadas para dar resposta ás cinco competencias que pretenden desenvolver no alumnado do noso centro.

Acollida da comunidade educativa.

A acollida é un proceso que se realiza de xeito sistemático para toda a comunidade educativa e que ten como obxectivo xerar vínculos e sentimentos de pertenza. No caso do profesorado, persoal non docente e familias céntrase no inicio de curso. No caso do alumnado iníciase antes da transición de EP á ESO cando todavía están no colexio, e realízase de forma específica coas familias e alumnado NEE, se continúa no inicio de curso e mantense de forma permanente para calquera alumna e alumno que poida incorporarse ao longo do curso.

Mellora e aprendizaxe da convivencia

A aprendizaxe da convivencia é fundamental para adquirir competencias socioemocionais e establecer contornas de aprendizaxe seguras e saudables. Coñecer a mecánica das relacións humanas e os mecanismos para restaurar as relacións cando se estropean son elementos clave para desenvolver as accións que se realizan desde este PAT. O Plan de Convivencia está conectado ao PAT fundamentalmente a través das medidas preventivas da convivencia.

Benestar e coidado emocional

O coidado e o benestar emocional pasan a un primeiro plano logo da pandemia. O acompañamento personalizado, creación de espazos e tempos para falar do que vivimos ou as estratexias de xestión do estrés ou da frustración son algunhas das medidas a través das que se desenvolve esta terceira liña de actuación.

4 | Liñas de actuación

Aprender a aprender.

O acompañamento nos procesos de aprendizaxe é o cuarto eixo de traballo do PAT. Queremos promover entre o alumnado unha maior conciencia sobre os seus procesos de aprendizaxe para que poidan aprender de xeito máis autónomo e eficaz. Este obxectivo esixe planificación e accións implementadas por parte do profesorado e das persoas titoras desde as súas materias. O PXAD vincúlase co PAT neste apartado.

Orientación académica e profesional

A acción titorial tamén require dar un enfoque propedéutico ás diferentes materias e deseñar accións destinadas a facilitar a toma de decisións do alumnado arredor das eleccións formativas e profesionais futuras. Este plan recolle as liñas maestras para promover o autoconhecimento, o coñecemento da contorna coas súas opcións formativas e laborais e a toma de decisións.

	Autoxestión	Autoconhecimento	Conciencia social	Habilidades de relación	Toma de decisións
Acollida		X	X	X	
Convivencia	X	X	X	X	X
Benestar	X	X		X	X
Aprendizaxe	X	X		X	
Orientación		X	X		X

5 | Organización

Os principios de equidade, participación e traballo colaborativo que marcan este PAT lévanos a deseñar unha organización estable da acción titorial que se sustenta sobre os seguintes recursos:

Reunións semanais con equipos de persoas titoras

As reunións semanais cos equipos de titoría son espazos colaborativos que sustentan a acción titorial. Promovemos a cohesión dos equipos de titoría da ESO para poder deseñar un traballo coordinado coa xefatura de estudos. Nestas reunións faise un traballo de seguemento permanente do alumnado de cada unha das clases e deséñanse estratexias axustadas ás necesidades de cada grupo que desenvolven as liñas de actuación prioritaria deste PAT. Desde este espazo coordínase a intervención coas familias, o seguimento dos acordos das sesións de avaliación e a intervención individual ou grupal.

Estruturas de participación

Un PAT no que participe o alumnado require da creación de estruturas estables de participación no horario. Estas estruturas están sostidas por profesorado, polo que o seu horario pode variar en función das necesidades de cada curso e das persoas que os sosteñen. Cada curso poden variar en función do profesorado voluntario e do alumnado que participe. Este curso contamos cos seguintes:

Equipo de persoas delegadas

sostidos pola xefatura de estudos.

A función é representar á clase ante o equipo docente e a xefatura de estudos, así como analizar e mellorar as condicións de aprendizaxe de cada grupo.

Equipo ecoloxista

Sostidos polo profesorado do equipo de convivencia.

A súa función é facer accesible o mundo da reciclaxe, concienciar sobre a contaminación e facilitar a toma de conciencia sobre a importancia das nosas actuacións no medio ambiente.

Equipo multiculturas

Sostido polo profesorado do equipo de convivencia.

A súa función é visibilizar e sensibilizar sobre as diferentes culturas do alumnado do centro, coa finalidade de sentirnos todas e todos parte del.

Correspondentes xuvenís

Sostido polo profesorado de convivencia.

A súa función é difundir ocio alternativo entre as persoas novas e dar a coñecer as opcións que teñen na localidade.

Sementes de liberdade

Sostido polo profesorado de convivencia.

A súa función é impulsar a realización de actividades de concienciación e sensibilización arredor da igualdade e a diversidade de xénero

Equipo de benestar

Sostido polo profesorado de convivencia.

A súa función é incluír ao alumnado vulnerable dentro da vida do centro e de analizar e mellorar as condicións do centro para que sexa un lugar seguro.

As estruturas de participación teñen lugar en momentos diferentes do horario lectivo, podendo coincidir ou non coa hora de titoría, variando en función dos ocios no horario do profesorado voluntario.

6

Especificidade nas diferentes etapas

Educación Secundaria Obrigatoria. Nesta etapa desenvolvemos o PAT cun seguemento semanal nas reunións de persoas titoras. Contamos cunha hora semanal de tutoría co alumnado e cada persoa titora conta con horas para atender ao alumnado de forma individual e ás familias de forma grupal ou individual.

Bacharelato. O bacharelato non conta con hora de tutoría semanal co alumnado e as reunións con Orientación e Xefatura de estudos son informais. As liñas prioritarias do bacharelato son Acollida, Benestar e Coidado emocional, Aprender a aprender (sobre todo en canto a planificación) e Orientación académica e profesional

Ciclo Formativo de Grao Medio. Igual que no bacharelato, as persoas titoras non contan con hora de atención semanal ao grupo pero si realizan as súas funcións de titorización con familias e alumnado. As liñas prioritarias son Acollida e Orientación académica e profesional.

7 | Principais actividades

Acollida á Comunidade Educativa

A principio de curso realizamos unha acollida a toda a comunidade educativa que se atopa no centro o primeiro día de curso (profesorado e persoal non docente).

Ao inicio do curso escolar realízase a acollida en todas as clases da ESO, Bacharelato e Ciclo Medio. Tamén determínase unha data para realizar unha xornada de acollida a nivel centro.

Aproximadamente tres semanas logo do inicio do curso realízase a acollida ás familias de cada clase.

O **Equipo de convivencia** dedícase a acoller ao alumnado que se incorpora ao longo do curso.

A xefatura de estudos, orientación e os departamentos didácticos correspondentes acollen ao profesorado que se incorpora durante o curso.

Ao longo do primeiro trimestre, a orientadora e profesorado do IES visitará aos centros adscritos para coñecer ao alumnado que se incorporará ao curso seguinte en primeiro da ESO.

Ao longo do segundo trimestre a orientadora organizará ENAPAS nos centros adscritos para coñecer ás familias do alumnado de sexto de educación primaria.

O departamento de orientación realizará a acollida do alumnado con necesidades educativas especiais e as súas familias.

Convivencia

As reunións dos equipos de persoas titoras incorporarán a estrutura dos círculos de diálogo.

Fomentarase o coñecemento entre o alumnado das clases, o que propiciará a creación de vínculos entre as persoas do grupo.

Actividades destinadas á reflexión moral e establecemento de normas nas diferentes clases da ESO.

Análise da convivencia e do proceso de ensino aprendizaxe dinamizado polo **Equipo de Convivencia** e persoa titora en cada clase da ESO.

Realización de **Círculos de Diálogo** dinamizados polo profesorado titor para analizar como funcionan as clases.

Realización de actividades relacionadas cos intereses do grupo en función das súas necesidades en canto á mellora da convivencia escolar.

Realización de **Círculos de Diálogo** para levar a cabo festividades como o entroido, de xeito que o alumnado teña poder de decisión sobre as actividades a realizar ese día.

Círculos restaurativos facilitados polo profesorado do **Equipo de Convivencia**.

7 | Principais actividades

Benestar e coidado emocional

Coidamos o vocabulario emocional e melloramos a competencia de autoconciencia emocional do noso alumnado.

Na xestión de conflitos promovemos a autoconciencia emocional e a empatía.

Nas reunións individuais promovemos a empatía e o acompañamento do alumnado e das súas familias.

Realizamos actividades para axudar ao alumnado a xestionar emocións de xeito máis eficaz con diferentes tipos de estratexias.

Planificamos actividades que facilitan a toma de conciencia emocional do resto dos iguais.

Establecemos actividades nas que se traballa a comunicación non violenta e as conversas afectivas.

7 | Principais actividades

Aprender a aprender

Realizamos actividades e editamos materiais para axudar ao profesorado a incorporar a competencia de aprender a aprender nas súas programacións.

Traballamos co alumnado a autoconciencia como estudantes e a motivación cara o estudo, especialmente a través da infusión curricular.

Realizamos actividades para aprender a planificar o tempo.

Realizamos actividades para aprender rutinas e destrezas de pensamento.

Incorporamos a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe antes de cada avaliación mediante círculos de diálogo.

Traballamos co profesorado nas sesións de avaliación para que sexan instrumentos útiles para dar feedback ao alumnado na súa aprendizaxe.

7 | Principais actividades

Orientación académica e profesional

Promovemos o coñecemento das diferentes disciplinas desde o profesorado que imparte as clases.

Realizamos actividades de autoconhecimento entre o alumnado.

Facilitamos experiencias vinculadas a temáticas e entornos profesionais a través de saídas a diferentes actividades como as FP Skills.

Informamos ao alumnado e as súas familias sobre oportunidades que ofrece o sistema educativo galego e fóra da comunidade autónoma.

Axudamos ao alumnado a tomar decisións sobre o seu futuro.

8 | Principais instrumentos

Círculos de diálogo

Trátase dunha práctica restaurativa preventiva para escoitar e facilitar a participación en grupos. Realizamos un círculo completo con todas as súas fases ou partes dun círculo para traballar semanalmente coas persoas titoras, para reunións con equipos docentes, sesións de tutoría co alumnado dun grupo ou dunha estrutura de participación e coas familias dun grupo.

Comunicación efectiva ou non violenta

Trátase dunha práctica restaurativa preventiva que promove a escoita das persoas coas que falamos e da expresión de mensaxes en primeira persoa, especialmente ante situacións de conflito coa finalidade de non escalar os conflitos.

As entrevistas restaurativas

Unha das principais labores das persoas titoras, do departamento de orientación e da Xefatura de estudos son as entrevistas individuais. Buscamos na medida das nosas posibilidades que as entrevistas se centren no alumnado e nas súas necesidades para que teñan un papel activo na toma de decisións e compromisos cos pasos que decidan dar. As entrevistas coas familias tamén buscarán a complicidade e o traballo na mesma liña para conseguir obxectivos comúns.

As conversas e os círculos restaurativos

Ante os conflitos que xurden no día a día promovemos encontros restaurativos que poden ser conversas entre dúas persoas que tiveron un conflito ou entre moitas persoas afectadas ou implicadas nun mesmo conflito ou situación.

Estes encontros contan con persoas que facilitan e buscan que as partes poidan expresarse, tomar conciencia do impacto da súa conduta nas demais persoas e poidan asumir as responsabilidades dos seus actos.

8 | Principais instrumentos

Proxectos participativos

Os proxectos levados a cabo polo alumnado nos que poden tomar decisións sobre a súa aprendizaxe son un bo instrumento para buscar o compromiso e a participación. No IES como proxecto a nivel de centro estaría o Cumio do Clima que se celebra no segundo trimestre. Ademais, todas as estruturas de participación constrúen proxectos e os realizan, tendo ao alumnado o protagonista deles.

As dinámicas de grupos

Combinamos os círculos de diálogo con actividades para cohesionar grupos. Trátase dun xogo de presentación, coñecemento, comunicación, toma de decisións e resolución de conflitos. Todos eles destinados a formar grupos vinculados que poidan funcionar de maneira adecuada.

Cuestionarios

Utilizamos cuestionarios para recoller información sobre diferentes temáticas, especialmente para a valoración da situación de convivencia da aula, para a determinación de profesorado referente para o alumnado e para a valoración das actividades do Plan de Acción Titorial e do funcionamento do centro en xeral.

Modelado

Utilizamos estratexias que reproducimos para que poidan ser aprendidas polo alumnado, como é o caso da aprendizaxe da comunicación eficaz, da facilitación de círculos de diálogo ou de círculos restaurativos.

Publicacións

Intentamos publicitar as boas prácticas que temos dentro do centro, da xestión da convivencia, da xestión da aula ou dos proxectos interdisciplinares para recoñecer o traballo realizado e difundir a cultura do centro dentro e fóra do noso instituto.

9

Avaliación

A avaliación formativa do PAT realízase ao longo do curso, de forma especial nas reunións semanais de titoría e nas sesións de titoría co alumnado ao reamatar cada avaliación.

De forma sumativa, o PAT avalíase ao final de curso cando se realiza a avaliación xeral do instituto e nela participa toda a comunidade educativa. Toda esta información recóllese na memoria xeral anual e é o punto de partida para elaborar a programación do departamento ao curso seguinte.

Plan de acción titorial

